

## PEZA DO MES

febreiro

2013



**MOLDES DE ARXILA**  
CASTRO COTO DO MOSTEIRO



ZONA DE CONCENTRACIÓN DOS MOLDES

## Moldes de arxila Castro Coto do Mosteiro

No xacemento arqueolóxico chamado **Coto do Mosteiro** realizáronse varias campañas arqueolóxicas durante os anos 1984-85, que tiveron como obxectivo o estudo dun asentamento castrexo, ocupado tamén en época romana, que era descoñecido ata ese momento.

Sitúase nun outeiro dominante a 4.5 km da vila ourensá do Carballiño (pola estrada local que leva ó Reino). Ten ó N. a Serra da Madanela e ó O. os Montes do Pedroso, mentres que ó S. e ó E. ábrese o Val do Arenteiro, enmarcado pola Serra Martiñá máis ó leste.

Nese lugar, no ano 1976, descubriuse accidentalmente un muro cun moi especial aspecto ó abrirose unha pista. Un posterior derrubamento de terras, xunto á aparición de materiais de interese, ocasionan que o Concello do Carballiño e o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense decidan intervir, iniciándose os traballos arqueolóxicos ó remate do ano 1983.

O curioso topónimo do xacemento vén dado porque nas inmediacións, uns cen metros máis abaixo en sentido sueste ó comezo do val, no lugar de *Mosteiro* (San Pedro) *de Lobás* houbo unha *abadía* de monxas beneditinas entre finais do século XII e finais do século XV, época na que foi anexionada, como *priorato*, ó convento de *S. Paio de Antealtares* de Santiago logo dunha reforma da orde relixiosa. Na Idade Media esta zona formaríase parte da denominada "*Terra de Orcellón*". Hoxe non queda nada do primitivo enclave aínda que a Igrexa presenta interesantes características (ábsida rectangular, portada románica de transición ó norte, portada abucinada do século XVI ó oeste, ...). No século XVII construíuse por diante dela, ó oeste, a casa prioral con claras influencias pancegas e reformas do século XVIII (conserva un torreón circular e outro cuadrangular, solaina, escalinata, patio interior, gran cheminea sobre



lareira...). A desaparición do conxunto como *priorato* debeuse producir a raíz das desamortizacións eclesiásticas do século XIX. Convértese en parroquia ata os inicios do século XX, nos que pasa a depender de *Sta. Uxía de Lobás*, durante uns poucos anos acolleu unha pequena escola, quedando máis adiante en estado de total abandono.

Este xacemento castrexo-romano, protexido por un impresionante sistema defensivo con fortes murallas de moi diferentes aspectos, ten un recinto superior case circular (55 x 60 m) que ó sur e ó leste presenta ata tres plataformas graduadas. A pista que leva ós lugares de *Fontao e Mosteiro*, desfixo as súas partes inferiores por todo o lateral leste (tamén hai pequenas canteiras, tanto no interior do recinto como nas súas inmediacións, que serviron material para a construción do templo da *Veracruz*, no Carballiño). Estas defensas, polas caras leste e norte, están protexidas por un foxo escavado na rocha descuberto nunha lonxitude duns 150 metros. Ó pé do xacemento, por estas mesmas caras, corre un regato que rega as terras baixas.

A vulgar polos numerosos achados realizados, o xacemento semella que foi o centro dunha intensa e especializada actividade metalúrxica. Ó longo das escavacións realizadas recuperouse unha inxente cantidade de muíños planos (máis de cincuenta), enteiros ou fragmentados, que posiblemente habería que relacionar coa moenda de mineral. Non hai que deixar de lado que na Serra da Madanela, a menos de dous quilómetros en liña recta, aínda quedan pegadas de minas para a extracción de estaño. Así mesmo, recolléronse útiles para o repuxado de láminas de metal, para a elaboración de fíos metálicos, unha afiadoira, abundantes escouras tanto de ferro como de bronce, fragmentos de crisóis, etc. Son abundantes os fragmentos recuperados de grellas de fornos, tanto pétreas como cerámicas.

Pero de todos os materiais recuperados, os que máis chamaron a atención no seu momento, foron a gran cantidade de moldes de arxila para facer obxectos metálicos. Estes moldes, moi fragmentados, estaban concentrados na zona baixa sueste, ó mesmo pé da descuberta muralla de aparello poligonal concertado en sentido oblicuo, e por riba do gran foxo escavado na rocha que, nese momento, estaba totalmente atoadado. Hai que apuntar que entre a base da muralla e o propio foxo hai unha canle escavada na rocha, que serviría para recoller a auga que discorrería sobre a rocha, sen que se poida apreciar o seu destino xa que a pista trazada rachou completamente esa esquina baixa do xacemento. Este lenzo de muralla tan espectacular, que serviría tamén para contención de terra, incrustase practicamente na propia rocha nesa zona baixa. Rocha que tamén fai ás veces de defensa, pola cara leste, dada a súa forte pendente.

Sen dúbida a procedencia dos fragmentos de molde, o propio lugar do traballo metalúrxico, esta-



DEBUXOS DOS MOLDES MÁIS SIGNIFICATIVOS

ría situado xusto por detrás e por riba desta muralla, que orixinariamente tería bastante máis altura a xulgar polos niveis horizontais descubertos na estratigrafía do corte realizado, así como pola abundancia de pedra recollida nos niveis máis fondos do foxo no momento do seu baleirado. Os sucesivos derrubamentos foron os que ocasionaron que os moldes se concentraran na zona indicada, cando o foxo xa estaba case atoadado.

En total recuperáronse trescentos sesenta e cinco fragmentos de moldes, dos cales cento corenta presentan cavidades e formas máis ou menos recoñecibles mentres que os outros douscentos vinte e cinco son moi pequenos. Os máis grandes miden entre 5-7 cm, os máis reducidos, a maioría, teñen arredor dos 2 cm.

Os moldes, en sentido xeral, son obxectos que amosan unhas cavidades nas que se introduciría unha materia (mineral neste caso) en pasta líquida que, ó solidificarse toma a forma da cavidade que presentan. A arxila é un material que, unha vez humedecido convenientemente, é moi fácil de modelar, endurecéndose logo coa súa cocción. Os moldes de arxila que estamos a describir serían bivalvos, é dicir, formados por dúas pezas que encaixarían unha na outra. Nalgúns pódense apreciar rebaixas e resaltes para o seu perfecto acople, así como o bebedoiro por onde se introduciría o metal líquido que, ó solidificarse tomaría a forma da peza cuxa cavidade está marcada nas dúas partes do molde. Os moldes de arxila

son fáciles de traballar, tomaríase un modelo da peza que se quere realizar, presionando contra ela as dúas valvas cando a arxila aínda está branda. Unha vez endurecidas mediante cocción, permiten a realización dunha gran variedade de pezas, neste caso concreto, de adornos de bronce. Entre os fragmentos recuperados pódense distinguir moldes para elaboración de alfinetes (prendedores de roupas ou cabelos) con cabeza máis ou menos decorada, algúns soamente conservan a parte da varela ou agulla, para fíbulas (obxectos metálicos que suxeitan prendas de vestir) de *pé recto*, *anulares*, e posibles *Aucissa*, agullas de fíbulas anulares, ariños, ... Uns soamente serven para a realización dunha peza, outros permiten facer dúas ou máis ó mesmo tempo, especialmente no caso de alfinetes e ariños ou doas. Polo material recuperado ó que se asocian estes moldes, cronologicamente situaríanse en torno ó século I a. C.

Dada a concentración dos moldes no mesmo lugar, hai que desbotar o carácter puramente doméstico da produción xa que o material, nese caso, estaría disperso polo xacemento. Débese pensar no **Coto do Mosteiro** como un gran centro de produción especializado en facer pezas metálicas, de bronce, cunha función ornamental o que, unido ó impresionante sistema defensivo estaríanos a falar, sen dúbida, dun xacemento importante e con certo prestixio, ocupado, a xulgar polos estudos e traballos realizados, entre o século IV a. C. e o século I d. C.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Luis Orero Grandal.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:

<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono:** 988 223 884

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

galicia

Museo Arqueolóxico



XUNTA  
DE GALICIA